

XORNADA - OBRADOIRO:  
DISCAPACIDADE AUDITIVA:  
INTERVENCIÓN ESPECÍFICA DO/A  
MESTRE/A DE AUDICIÓN  
E LINGUAXE

EQUIPO CREDa

MONTSERRAT ANGLARILL

CARLES SOBREPÈRE

MARI SERRANO

ARANTZAZU URRUTIA

3 DE FEBREIRO DE 2024

**añmal**

# CONTIDOS

- Conceptos clave sobre a perda auditiva
  - Anatomía do oído
  - Grados de perda
  - O audiograma
  - Probas médicas e a súa interpretación
  - Tipos de prótese
  - Orientacións á familia e á escola
  - Valoración da funcionalidade auditiva
  - Microfonía remota
  - Casos prácticos
- Implicacións da perda de audición no desenvolvemento
- Valoración da linguaxe e intervención.
  - Do concepto do trastorno ao concepto de necesidade educativa.
  - Desenvolvemento da linguaxe: principais fitos e sinais de alerta nas diferentes dimensións da linguaxe.
  - Valoración da linguaxe.
  - Probas baremadas: ITPA e CELF
  - Probas non baremadas: mostra de linguaxe elicitado e espontáneo.
  - Probas elaboradas polo servizo.
  - Da valoración á intervención do/a mestre/a de AL
- Modelos de intervención educativa:
  - Intervención do/a AL
  - Codocencia e mestres/as especialistas
  - Deseño universal e intensidade de medidas e apoios
  - Centros de atención preferente
  - A escola como espazo accesible
  - Relación coas familias

# OBXECTIVOS

- Coñecer o sistema auditivo
- Interpretar un audiograma para orientar a resposta educativa
- Coñecer os tipos de próteses que existen e a indicación de cada unha
- Interpretar as probas diagnósticas para poder orientar aos centros educativos na súa práctica
- Orientar ás familias e aos profesionais educativos que interveñen.
- Avaliar as necesidades de soporte educativo dun alumno.
- Identificar as etapas do desenvolvemento da linguaxe: fitos e sinais de alerta.
- Coñecer diferentes ferramentas de avaliación da linguaxe: baremadas e non baremadas.
- Avaliar a linguaxe dun alumno para poder tomar decisións respecto á intervención.
- Diseñar unha proposta de intervención relacionada cos resultados da avaliación.
- Coñecer os principios de intervención en audición e linguaxe.
- Implementar a intervención da especialista tendo en conta o Deseño Universal de Aprendizaxe.
- Coñecer a importancia da relación coa familia.

## METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Esta proposta formativa configúrase a partir de 8h de exposición teórica por parte dos formadores e 2h de traballo individual persoal por parte dos asistentes. Na exposición teórica combinarase a explicación de contidos coa ilustración dos mesmos a partir de casos reais.

Co obxectivo de profundizar en todos os aspectos tratados, propondránse lecturas e resolución dun suposto práctico aos asistentes.

# RELATORES



Montserrat  
Anglarill  
Casulleras

- Mestra
- Logopeda
- Pedagoga
- Directora do CREDA Jordi Perelló dende 1994 ata 2005
- Técnica do Departament d'Educació de 2005 ata 2007
- Psicopedagoga no EAP Sant Cugat de 2007 ata 2011
- Psicopedagoga do CREDA Pere Barnils dende o 2011
- Directora do CREDA Pere Barnils dende o 2016



Carles  
Sobreperere  
Profitós

- Mestre de educación especial
- Diplomado en logopedia
- Adxunto á dirección do CREDA Pere Barnils
- Formador para oposicións para mestres de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.
- Logopeda no CREDA dende 2008.



Mari  
Serrano  
Aused

- Psicóloga, logopeda e intérprete de lingua de signos.
- Profesora de Orientación educativa (profesora de educación secundaria)
  - Psicopedagoga en instituto bilingüe d'alumnado sordo (2000-04)
  - Orientadora nun instituto de secundaria (2005-15)
  - Psicopedagoga nun EAP (equivalente a EOEP) (2015-16)
  - Psicopedagoga no CREDA (dende o ano 2017)
  - Adxunta á dirección do CREDA Pere Barnils



Arantzazu  
Urrutia  
Aldea

- Mestra de educación especial
- Diplomada en Logopedia
- Logopeda no Creda Pere Barnils dende o año 2005.
- Logopeda nun instituto con proxecto bilingüe (lingua oral e lingua de signos) de atención a alumnado sordo (2005-2017)
- Logopeda itinerante de alumnado con GDLP (graves dificultades de linguaxe e fala) e alumnado con perda auditiva.
- Coordinadora de atención ao alumnado xordo de máis de 3 anos no Creda Pere Barnils.

# DESTINATARIOS E HOMOLOGACIÓN

Aberto a tódalas persoas interesadas en seguir formándose, especialmente para Mestras e Mestres de Audición e Linguaxe, Pedagogos/as Terapeúticos/as, mestres de EP e ESO, logopedas e especialistas.



Para que os asistentes acaden a homologación por parte da Xunta, terán que asistir ás **8 horas de formación presencial** e realizar o **traballo posterior** antes do 16 de febreiro de 2024, obtendo así un certificado de **10 h de formación**.



# HORARIO

**9:00 a 9:30** recepción dos asistentes e entrega de materiais

**9:30 a 14:30** formación en gran grupo

\*Descanso de **11:30 a 11:55\***

**14:30 a 16:15** descanso para a comida

**16:15 a 16:30** recepción de asistentes

De **16:30 a 19:30** formación en gran grupo

# LUGAR

**Celebrarase no hotel Zenit**

Av. Gran Via, 1, 36204

Vigo, Pontevedra

# PREZO

Socixs AGMAL/FEMAL 50€

Non socixs 100€

Estudantes 75€

**POLÍTICA DE CANCELACIÓN:** As cancelacións xustificadas recibidas por correo electrónico e, confirmada a súa recepción, realizarase un reembolso nas seguintes condicións:

- Ata o 3 de xaneiro de 2024 aboarase o 80% do importe.
- Do 3 de xaneiro ao 29 de xaneiro aboarase o 50% do importe.
- A partir do 29 de xaneiro non se realizarán devolucións.

Poderase solicitar o cambio de nome ata o 29 de xaneiro, sen coste adicional.

# INSCRICIÓN

Ofertaranse **40 prazas** que serán cubertas por estrita orde de inscrición e **pecharánse o 29 de xaneiro ás 23:59.**

A inscrición levarase a cabo a través dun formulario de google ao que se poderá acceder dende a web [www.agmal.org](http://www.agmal.org) dentro do apartado de formacións.

# ORGANIZA

A Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL) é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no 2017 co fin de respaldar e apoiar a figura do profesorado de Audición e Linguaxe. Buscamos aportar o noso gran de area fomentando un mundo máis inclusivo. Para iso, organizamos formacións e reunións con distintos profesionais do campo da educación e da atención á diversidade, e estamos ao día nos avances e investigacións no campo da audición e a linguaxe. Na nosa web podeades atopar máis información para estar ao corrente dos retos que nos propoñemos e das novas liñas nas que traballamos.

